

TERMOS E CONDICIÓN DO SERVIZO AGILE TV PARA CLIENTES DO SERVIZO DE COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICAS R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U. ("R").

O presente contrato de servizos contén as condicións xerais de aplicación unicamente a aqueles clientes de R CABLE Y TELECABLE COMUNICACIONES, S.A.U. (denominada en diante R, que deciden contratar o servizo Agile TV ofrecido por OVER THE TOP NETWORKS IBERICA, S.L.U. (denominada en diante, OTTN) a través da promoción ofrecida a clientes de R, os cales gozarán dunha promoción especial no prezo da cota periódica a pagar por Agile TV (en diante denominados o "Cliente" e o "Servizo" respectivamente), en virtude do Acordo Comercial acadado entrámbalas compañías.

1. Obxecto e aceptación das Condicións.

As Condicións descritas a continuación (en diante, as "Condicións Agile TV" ou as "Condicións") teñen por obxecto regular as relacións entre OTTN e o Cliente, en todo o relativo á prestación do servizo audiovisual Agile TV. A aceptación sen reservas das presentes Condicións devén indispensable para a prestación do servizo Agile TV. O Cliente manifesta, en tal sentido, ter lido, entendido e aceptado as presentes Condicións.

2. Condicións da oferta Agile TV.

2.1 Definición do servizo

Este Servizo está composto pola Oferta de contidos audiovisuais de Agile TV, a cal goza de condicións diferenciadas respecto da oferta comercializada de forma directa por parte de Agile TV noutras canles de comercialización e venda.

2.2 Servizo Agile TV.

O Servizo Agile TV será prestado por OTTN sobre un dispositivo multimedia TV Box e mediante un acceso activo a Internet provisto por R ao Cliente e que ofrezca cobertura suficiente para poder contratar o servizo Agile TV e acceder aos seus servizos audiovisuais. As condicións do Servizo Agile TV serán as que determine OTTN, como encargado de prestar o Servizo, en virtude do contrato que subscriba co Cliente.

2.3 A contratación e uso do Servizo está limitado, expresa e unicamente, ao territorio español.

2.4 Interrupción do servizo. Agile TV resérvase o dereito de interromper o Servizo cando o considere oportuno co fin do seu mantemento e mellora, debendo notificar ao Usuario cun preaviso dun día cando se trate dunha interrupción planificada.

2.5 Nos casos nos que haxa algún problema con este Servizo, o Usuario poderá dirixirse ao centro de Atención ao Cliente de R.

2.6 Comunicación de datos a Agile TV. Os datos que se facilitan coa sinatura deste contrato son comunicados a OTTN, con domicilio en B C/ Gran Vía de Don Diego López de Haro 45, 48011 Bilbao, coa finalidade de xestionar a alta, mantemento e baixa dos servizos audiovisuais prestados baixo a denominación comercial de Agile TV, así como para informar sobre o Servizo e as súas novidades, incluíndo información comercial sobre os servizos comercializados por OTTN.

Para os efectos do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, "RXPD"), informámolo de que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade directamente polo titular dos datos ou mediante representante legal ou voluntario a través de comunicación escrita, acompañado de copia de documento oficial que o identifique, dirixida a OTT Networks Ibérica, S.L.U. con domicilio para estes efectos en C/ Gran Vía de Don Diego López de Haro 45, 48011 Bilbao, na forma e condicións previstas no RXPD ou a través do correo electrónico ao enderezo ayuda@agiletv.es

3.3 Os presentes Termos e Condicións do Servizo e a Política de Datos Persoais (aos que se fará referencia no seu conxunto como os "Termos e Condicións") son de aplicación e resultan vinculantes para OTTN e para o Usuario. Estes acordos, así mesmo, están suxeitos aos termos e condicións particulares (incluíndo calquera oferta especial), prezos vixentes, termos e métodos de pagamento, períodos contractuais, etc. que ofrezca OTTN en cada momento xuntamente coa formalización dun acordo con OTTN por parte do Usuario. No caso de que exista calquera conflito entre os termos e condicións particulares e os Termos e Condicións, serán os termos e condicións particulares os que prevalezan. Os Termos e Condicións e os termos e condicións particulares constitúen no seu conxunto o acordo aplicable entre o Usuario e OTTN (en diante, o "Acordo"). Para obter acceso ao Servizo, o Usuario deberá confirmar que o Usuario leu e aceptou o Acordo.

Unha vez que se subscribiu o Acordo, OTTN enviará a confirmación do mesmo ao enderezo de correo electrónico facilitado polo Usuario. O acceso ao servizo tamén se facilitará a través de correo electrónico.

3.4 Facturación.

A facturación do Servizo OTTN será facturada ao Usuario mensualmente por R (cobranza da cota periódica) mediante factura emitida por R, a cal se aboará mediante domiciliación bancaria autorizada polo Cliente contra a súa conta. O Cliente, mediante a aceptación das presentes condicións, autoriza a cesión dos datos precisos para a cobranza (e xestión relacionada) por parte de R.

O importe do servizo prestado será exixible dende o momento en que se presente á cobranza a correspondente factura, a cal será aboada polo Cliente, ou por terceiro, a través da conta na Entidade bancaria ou Caixa de Aforros que para tal efecto sinalase no Contrato de prestación de servizos de telecomunicacións suscrito con R.

3.5 O Servizo préstase por períodos dun mes renovables mensualmente de xeito automático, agás que o Usuario notifique a súa vontade de non renovar con antelación ao seu vencemento nos termos previstos no apartado 3.7 destas condicións.

3.6. O Servizo poderase cancelar en calquera momento mediante unha comunicación ao centro de atención ao cliente de R, informando da vontade de cancelar a facturación do Servizo, e a devandita cancelación será rexistrada no prazo de 72 horas e o servizo cancelado ao final do mes cando se rexistre a devandita cancelación do servizo. Esta cancelación estará suxeita tamén ás condicións establecidas por R no tocante á venda do dispositivo multimedia TV Box.

3.7. Poderase suspender o Servizo ao Usuario, se este deixa de pagar a súa Cota Periódica mensual.

3.8. Ademais, se o Usuario deixase de ser cliente de R, igualmente o Servizo quedaría suspendido definitivamente ao non poder xa acceder ao mesmo nas condicións aquí establecidas. Neste caso, o Usuario poderá contratar o Servizo directamente a OTTN sen requirirse a vinculación contractual a R, nos termos e condicións vixentes, no seu momento.

Da mesma maneira, no caso de que OTTN e R terminen (pelo motivo que sexa) a súa relación contractual, o Usuario poderá seguir beneficiándose do Servizo de OTTN pasando a ser facturado directamente por este último, nos termos e condicións vixentes en OTTN, no momento en que se produce esta circunstancia.

ANEXO I INFORMACIÓN ADICIONAL DE PROTECCIÓN DE DATOS

Quen é o responsable do tratamento dos seus datos persoais?

A información e/ou datos persoais que nos proporcionen, incluídos no seu caso, os de saúde, inclúense nun ficheiro cuxo responsable é:

- Titular: OVER THE TOP NETWORKS IBERICA, S.L.U. (en adelante OTTN)
- Domicilio social: C/ Gran Vía de Don Diego López de Haro 45, 48011, Bilbao.
- CIF B-86588639

Con que finalidade trataremos os seus datos persoais?

A información e/ou datos persoais que nos facilitou serán tratados para as seguintes finalidades:

- Xestionar a contratación, facturación e garantir servizos contratados.
- Dispoñer dunha información uniforme de provedores aos que OTTN poida acudir para solicitar os servizos e/ou bens que en cada caso requira.
- Enviar información e publicidade, mesmo por vía electrónica, sobre ofertas, produtos, recomendacións, servizos, artigos promocionais e campañas de fidelización de OTTN ou daquelas entidades terceiras coas que calquera empresa do grupo ao que pertence OTTN subscribise acordos de colaboración; a extracción, almacenamento de datos e estudos de comercialización ao obxecto de axestir as nosas ofertas comerciais ao seu perfil particular, tanto se se formaliza ou non operación algunha, como no seu caso, unha vez extinguida a relación contractual existente, a lexitimación do tratamento se atopa no interese lexitimo de OTTN para levar a cabo os devanditos tratamentos de acordo coa normativa vixente.
- Para remitir periodicamente información comercial (newsletter) sobre servizos e noticias relacionados coa nosa actividade, a información atópase no consentimento do usuario.
- O tratamento de datos para dar cumprimento ás obrigacións legais establecidas, así como verificar o cumprimento das obrigacións contractuais, incluída a prevención de fraude, atopa a súa lexitimación no cumprimento dunha obrigación legal.

Cales son os seus dereitos cando nos facilita os seus datos?

Nos termos e co alcance establecido na normativa vixente, calquera persoa ten dereito a:

- Confirmar se en OTTN estamos a tratar datos persoais que lles concirnan, ou non, a acceder aos mesmos e á información relacionada co seu tratamento.
- Solicitar a rectificación dos datos inexactos.
- Solicitar a supresión dos datos cando, entre outros motivos, xa non sexan precisos para os fins que foron recollidos, en cuxo caso, OTTN deixará de tratar os datos agás para o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.
- Solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso unicamente poderán ser tratados co seu consentimento, fóra da súa conservación e utilización para o exercicio ou a defensa de reclamacións ou con miras á protección dos dereitos doutra forma física ou xurídica ou por razóns de interese público importante da Unión Europea ou dun determinado Estado membro.
- Opoñerse ao tratamento dos seus datos, en cuxo caso, OTTN deixará de tratar os datos, agás para a defensa de posibles reclamacións.
- Recibir nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, os datos persoais que lle incumban e que facilitase a OTTN ou solicitar a OTTN que os transmita directamente a outro responsable cando sexa tecnicamente posible.
- Revogar o consentimento outorgado, no seu caso, para a finalidade incluída no apartado "Con que finalidade tratamos os seus datos persoais?"; sen que iso afecte á licitude do tratamento baseado no consentimento previo á súa retirada.

Os anteriores dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade poden exercerse directamente polo titular dos datos ou mediante representante legal ou voluntario a través de comunicación escrita dirixida, acompañado de copia de documento oficial que o identifique, a OTT Networks Ibérica, S.L.U. con domicilio para estes efectos en C C/ Gran Vía de Don Diego López de Haro 45, 48011 Bilbao, na forma e condicións previstas no RXPD ou a través do correo electrónico ao enderezo ayuda@agiletv.es.

Adicionalmente informámolo da posibilidade de presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, especialmente cando considere que non obtivo satisfacción no exercicio dos seus dereitos, a través da páxina web habilitada para tales efectos pola Autoridade de Control correspondente, a través dos seus teléfonos 901 100 099 e 912 663 517 ou no eu enderezo C/ Jorge Juan 6, 28001 Madrid.

O Cliente poderá ademais contratar paquetes de canles e contidos da oferta audiovisual de Agile TV de entre os que estean dispoñibles en cada momento. A elección dos devanditos paquetes suporá tamén a sinatura por parte do Cliente do correspondente contrato coa entidade OTTN que será a encargada de prestarlle os devanditos servizos.

OTTN informa o Usuario que o catálogo de contidos dispoñible variará e actualizarase continuamente. Por iso OTTN resérvase o dereito de efectuar sen previo aviso as modificacións que considere oportunas no catálogo ofrecido, podendo ampliar, modificar, cambiar, engadir ou suprimir accesos a servizos de contidos dispoñibles, sen necesidade de previa notificación. A información sobre os contidos audiovisuais ofrecidos por Agile TV atoparase dispoñible a través da Guía Electrónica de Programación do propio servizo ou no enderezo de Internet <https://www.agile-tv.es>

Agile TV comprométese a realizar os seus mellores esforzos para ofrecer o mellor servizo e dar os mellores contidos. Con todo, a calidade do mesmo depende das condicións de conexión a Internet das que dispoña o Usuario, así como dende os dispositivos móbiles que empregue para a reprodución de contidos. Así mesmo, o Usuario é consciente de que existen requisitos mínimos para poder utilizar o Servizo, e garante que dispón deles antes de proceder á contratación. Estes requisitos atópanse publicados na páxina web de Agile TV.

Queda prohibida a utilización do servizo Agile TV para a comunicación pública dos contidos de TV, podendo utilizarse, unicamente, para uso privado do Cliente.

Achégase como Anexo I Información Adicional de Protección de Datos.

Todos os datos facilitados deben ser certos e correctos, comprometéndose o Usuario a comunicar a OTTN todos os cambios relativos aos seus datos e todo tipo de información precisa para a xestión e mantemento da relación contractual con OTTN.

Ao Usuario seranlle de aplicación igualmente as Condicións Contractuais de OTTN, a Política de Privacidade e Cookies e as Condicións de Uso, que teñen carácter complementario respecto de todo aquilo que non se atope especificamente previsto nas presentes Condicións. Con todo, en caso de discrepancia entre o disposto nas presentes Condicións e aquelas, estas serán as que prevalecerán para os Usuarios do Servizo.

3. Disposicións xerais

3.1 Agile TV presta un servizo de contidos audiovisuais en liña de subscrición.

3.2 Os presentes termos e condicións do usuario (en diante, os "Termos e Condicións do Usuario") aplícanse aos acordos subscritos entre OTTN e unha persoa física (en diante, o "Usuario") con respecto ao Servizo. Soamente as persoas físicas maiores de 18 anos de idade e que residan en España poderán subscribir un contrato con OTTN con respecto ao Servizo de Agile TV.

Tras a formalización do contrato, OTTN, sempre que se cumpran as condicións legais para iso, poderá levar a cabo unha comprobación crediticia rutineira e, en función dos resultados da mesma, retirarse do contrato co Usuario. Así mesmo, OTTN ten dereito a negarse a subscribir un acordo ou a cancelar de inmediato un acordo cun Usuario se este infrinxise previamente os termos e condicións contractuais de OTTN. OTTN, no canto de negarse a subscribir ou de cancelar un acordo que xa fose subscrito, poderá esixir ao Usuario que lle facilite algunha garantía do cumprimento das súas obrigacións en virtude do acordo. Así mesmo, OTTN resérvase o dereito, na medida en que o permita a lexislación aplicable, a obter información relativa ao Usuario tras a formalización do acordo conforme á Política de Datos Persoais.

3.9. Condicións do equipo e permanencia asociada á adquisición do equipo de recepción do servizo de Agile TV ou "Set Top Box".

3.10. A Cota mensual do Servizo de Agile TV é a que se indica en servizo que contrata mentres o Cliente permaneza na tarifa de fibra e móbil coas que contratou a TV; no caso de que o Cliente cambie de tarifa aplicaráselle as previstas no 3.5. Os prezos do resto de servizos ofrecidos por Agile TV atoparanse actualizados e dispoñibles para os clientes de Agile TV na web de Agile TV: <https://www.agile-tv.es/r> e <https://mundo-r.com/tarifas-y-condiciones>

3.11. Comunicacións de Agile TV aos Clientes. Agile TV poderá remitir notificacións e informacións ao Cliente por correo electrónico, SMS ou notificacións móbiles, carta ou dentro da factura. As notificacións ao Cliente consideraranse recibidas por este inmediatamente cando se enviaron por correo electrónico ou SMS. Os avisos enviados por correo postal e factura consideraranse recibidos polo Usuario tres (3) días despois de que se remitiu a carta ou a factura. Considerarase que Agile TV cumpriu a súa obrigación de notificación ao enviar os avisos ao último enderezo de correo electrónico, número de teléfono ou enderezo postal facilitados, sen prexuízo de que os devanditos enderezos xa non sexan empregados polo Cliente ou sexan inutilizables por algún outro motivo.

O Cliente poderá recibir mediante mensaxes no seu número de teléfono, mediante correo electrónico ou por medio de correo postal, promocións e ofertas vinculadas ao servizo Agile TV cos prezos vinculados ás mesmas.

3.12. Calidade do servizo. Agile TV comprométese a realizar os seus mellores esforzos para ofrecer o mellor servizo e dar os mellores contidos. Con todo, a calidade do mesmo depende das condicións de conexión a Internet das que dispoña o Usuario, así como dos dispositivos móbiles que utilice para a reprodución de contidos. Así mesmo, o Usuario é consciente de que existen requisitos mínimos para poder utilizar o Servizo, e garante que dispón deles antes de proceder á contratación. Estes requisitos atópanse publicados nas páxinas web de Agile TV: <https://www.agile-tv.es/requisitos>

3.13. Dispositivos autorizados de conexión ao servizo Agile TV. Garantémosse ao Usuario do Servizo o acceso multidispositivo a través das aplicacións de Agile TV nos dispositivos compatíbeles con Agile TV. O Usuario non poderá visualizar o mesmo contido en máis de tres (3) dispositivos móbiles distintos de forma simultánea.

3.14. Información de contacto. O Cliente pode contactar con Agile TV a través de ayuda@agiletv.es.

Que categorías de datos tratamos?

OTTN trata as seguintes categorías de datos:

- Datos identificativos: nome, apelidos, enderezo postal, enderezo de correo electrónico, código postal, teléfono
- Metadatos de comunicacións electrónicas
- Datos de información comercial
- Datos económicos ou financeiros, ou bancarios

Nalgúns casos os datos persoais solicitados son obrigatorios, de xeito que a negativa para facilitalos suporá a imposibilidade de levar a cabo a prestación dos servizos contratados.

O usuario garante que os datos achegados son verdadeiros, exactos, completos e actualizados, sendo responsable de calquera dano ou prexuízo, directo ou indirecto, que puidese ocasionarse como consecuencia do incumprimento de tal obrigación. No caso de que o usuario facilite datos de terceiros, manifesta contar co consentimento dos mesmos e comprométese a trasladarlle a información desta clausula, eximindo a OTTN de calquera responsabilidade neste sentido. Con todo, OTTN poderá levar a cabo as verificacións para constatar este feito, adoptando as medidas de dilixencia debida que correspondan, conforme á normativa de protección de datos.

A que destinatarios se comunicarán os seus datos?

Os datos persoais que nos proporcionou poderán ser comunicados, para as finalidades indicadas no apartado "Con que finalidade tratamos os seus datos persoais?", a outras entidades pertencentes ao grupo ao que pertence OTTN, administracións públicas e a outras persoas xurídicas que, así mesmo, desenvolvan calquera das referidas actividades e coas que as distintas entidades do grupo ao que pertence OTTN conclúan acordos de colaboración, incluso unha vez extinguida a relación contractual existente e sen necesidade de que lle sexa comunicada cada primeira información que se efectúe aos referidos destinatarios, respectando en todo caso a lexislación aplicable sobre protección de datos de carácter persoal.

No marco das comunicacións indicadas no parágrafo anterior, poderanse realizar transferencias internacionais de datos a terceiros países ou organizacións internacionais, sobre os que exista ou non unha decisión de adecuación da Comisión Europea respecto a os mesmos. As transferencias internacionais a países que non poidan garantir un nivel de protección axeitado, terán carácter excepcional e realizaranse sempre que sexan imprescindibles para o pleno desenvolvemento da relación contractual.

OTTN dispón de cláusulas tipo de protección de datos para garantir axeitadamente a protección dos seus datos no marco das comunicacións e transferencias internacionais dos seus datos, nos países nos que sexa posible a súa aplicación.

Cal é a procedencia dos datos persoais?

A totalidade dos datos recollidos proceden do interesado.